

	APRENDIZ	BÁSICO	INTERMEDIO	AVANZADO	EXPERTO
<b>ESTRUCTURA ORGANIZACIÓN LINEALIDADE PROGRESO AVANCE DESARROLLO</b>	Exposición completamente desorganizada das ideas. Carencia absoluta de coherencia e cohesión. Carente por completo de orde. Non se aprecia ningunha estrutura. Sen desenvolvemento das respostas.  <b>0.10</b>	Incorre en certos erros na organización das ideas. Certa incoherencia nalgúns partes. Estrutura confusa. Non se aprecia claramente un fío condutor. Repetitivo en moitos puntos. Escaso desenvolvemento das respostas.  <b>0.25</b>	Presentación coherente das ideas principais. Dotado de estrutura e orde. Organización da información. Contén un fío condutor. Incorre en certas repeticións. Desenvolvemento suficiente das respostas.  <b>0.40</b>	Xerarquía e orde nas ideas principais. Estrutura e orde xerarquizada. Estrutura e orde suficientemente apreciable. Avance e progresión na información. Apenas hai repeticións. Desenvolvemento en profundidade das respostas.  <b>0.50</b>	Xerarquía e orde nas ideas principais e secundarias. Estrutura e orde ben apreciable. Avance e progresión na información. Non hai repeticións. Desenvolvemento en profundidade das respostas.  <b>0.60</b>
<b>VOCABULARIO ESPECÍFICO LÉXICO FILOSÓFICO</b>	Emprega incorrectamente o vocabulario filosófico específico. Non contén casi ningún dos conceptos principais. Léxico incompleto e con graves erros.  <b>0.10</b>	Erros leves en algún dos conceptos clave. Vocabulario pobre e non específico. Escasa riqueza léxica e con certos erros.  <b>0.15</b>	Contén algúns dos conceptos clave, pero omite outros. Non se explican algúns dos conceptos principais e/ou secundarios. Dominio suficiente do vocabulario filosófico específico.  <b>0.45</b>	Recolle todos os conceptos principais e algúns dos secundarios, pero só explica os conceptos principais. Dominio apreciable do vocabulario filosófico específico.  <b>0.55</b>	Riqueza conceptual. Contén todos os conceptos clave e tamén os secundarios. Explica todos os conceptos. Dominio notable da linguaxe filosófica.  <b>0.65</b>
<b>CITAS</b>	Non se recolle ningunha cita ou hai algunha resposta que non inclúe as citas necesarias.  <b>0.5</b>	As citas non gardan relación coas preguntas ou hai algunha resposta que recolle unha cita que non garda relación coa pregunta. Repite as mesmas citas para diferentes cuestións  <b>0.10</b>	As citas resultan axeitadas, pero non se explican ou hai algunha cita que queda sen explicar. Repite as mesmas citas para diferentes cuestións.  <b>0.15</b>	As citas resultan axeitadas para ilustrar as cuestións. Por regra xeral, explícanse as citas.  <b>0.20</b>	Profusión e adecuación das citas ás preguntas. Explicación de todas as citas recollidas.  <b>0.25</b>
<b>RESPOSTA EN BASE AO TEXTO</b>	Non se contesta ao que se pregunta. As respostas non gardan relación co texto.  <b>0.</b>	Contesta a base de copiar ou parafrasear o texto. Apenas se explica nada coas propias palabras. Explicación insuficiente e sen argumentar.  <b>0.10</b>	Contesta ás preguntas en función do texto, pero parafrasea ocasionalmente o texto. Explicación suficiente. Aporta poucos argumentos.  <b>0.30</b>	Contesta ás cuestións formuladas en base ao texto con amplitude. Aporta argumentos.  <b>0.40</b>	Contesta ás preguntas en función do texto con gran profundidade de análise. Extensión e profusión de argumentos.  <b>0.50</b>

